

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 11 DE MAIO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día once de maio de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. Garcia Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta.

Non asiste e presenta escusa don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 4 de maio de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 4 de maio de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e don Daniel Mallo Castro) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución do 12 de abril de 2021, de Augas de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, para a adquisición e instalación de equipamentos de medida do caudal subministrado en alta por sistemas de abastecemento de auga potable de titularidade pública na Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento administrativo AU301A). (Diario Oficial de Galicia número 83, do 4 de maio de 2021).

- Resolución do 16 de abril de 2021, de Augas de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas

á redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU100A). (Diario Oficial de Galicia número 83, do 4 de maio de 2021).

- Resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a adxudicación aos concellos da provincia dos espectáculos correspondentes ao programa Rede Cultural 2021. Figura o Concello de Cambre cunha porcentaxe da deputación do 40% e un total de 13.709,40 euros (Boletín Oficial da Provincia número 82, do 4 de maio de 2021).

- Resolución do 23 de abril de 2021, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 16 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos (Diario Oficial de Galicia número 11, do 19 de xaneiro de 2021). Figura a AVPC do Concello de Cambre cun importe de 1.908,16 €. (Diario Oficial de Galicia número 86, do 7 de maio de 2021).

- Orde do 7 de maio de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro. (Diario Oficial de Galicia número 86 bis, do 7 de maio de 2021).

- Decreto 77/2021, do 7 de maio da Presidencia da Xunta de Galicia, polo que se declara a perda de efectos a partir das 00.00 do 9 de maio de 2021 das medidas adoptadas pola Presidencia da Xunta de Galicia na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARSCoV-2 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 86 bis, do 7 de maio de 2021).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 30 de abril ao 6 de maio do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 609/2021 e remata coa resolución da Alcaldía número 676/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
609/2021	30-04-2021	Licenza de edificación para construír unha vivenda en Meixigo, Cambre. Solicitante: BCP
610/2021	30-04-2021	Conceder a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: ARCL
611/2021	30-04-2021	Renovación licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: SMG
612/2021	30-04-2021	Conceder a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: AYFM



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

613/2021	30-04-2021	Licenza segregacion parcela sita en lugar Lourenciño. Cambre. Solicitante: JACO
614/2021	30-04-2021	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada para executar unha canalización de 35 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica para uso agrícola na finca sita no lugar de Sigrás de Abaixo, parroquia de Sigrás. Solicitante: UFD DE, S.A.
615/2021	30-04-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 4 de maio de 2021
616/2021	30-04-2021	Aprobación da actividade e do gasto do Proxecto de Voluntariado Xuvenil no Camiño Inglés 2021
617/2021	30-04-2021	Aprobación da actividade e do gasto do Proxecto de Voluntariado Senior no Camiño Inglés 2021
618/2021	30-04-2021	Contrato menor para a retirada de VFU da base de Protección Civil
619/2021	30-04-2021	Reposición legalidade urbanística por colocación de maceteros invadindo a vía pública en Drozo, Cambre. Propiedade: JVR e ESC
620/2021	30-04-2021	Expediente de disciplina urbanística 07/12/02 incoado a AML por obras de ampliación dun lateral da nave sita en Fabás, Pravio
621/2021	30-04-2021	Reposición legalidade urbanística por obras de reforma dun galpón existente sen axustarse á comunicación previa presentada así como obras no muro de peche da fronte de parcela sita en Piñeiro, Cecebre. Titular: GMB
625/2021	30-04-2021	Liquidación do orzamento de 2020
622/2021	03-05-2021	Reposición legalidade urbanística pola demolición parcial de vivenda unifamiliar en Aian, Sigrás . Propiedade: NCF
623/2021	03-05-2021	Designación dos técnicos municipais que formarán parte da comisión de seguimento para executar a obra de acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, Cambre
624/2021	03-05-2021	Licenza de segregación de parcela de 59 m ² para destinala a viario publico en lugar Brexo promovido por JMP
626/2021	03-05-2021	Defensa e representación no P.A. 0000083/2021. Recurso contencioso-administrativo. Reclamación responsabilidade patrimonial pola contaminación da auga da piscina situada en Sigrás de Abaixo, Sigrás o día 10 de marzo de 2020
627/2021	03-05-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JMPF
628/2021	03-05-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ADR
629/2021	03-05-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MJPV
630/2021	03-05-2021	Conceder a licenza de vao permanente para acceder ao



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		local sito na rúa Castellana, Cambre. Solicitante: MAR
631/2021	03-05-2021	Conceder a licenza de vao laboral para o acceso ao local destinado a comercio por xunto de toda clase de produtos de alimentación e bebidas sito na estrada Cambre-Temple, Cambre. Solicitante: D, S.L.
632/2021	03-05-2021	Contrato menor mediante o sistema de vale pedido para as obras de acondicionamento del despacho de alcaldía
633/2021	03-05-2021	Solicitud matrimonio civil o día 14 de maio de 2021 ás 12 horas
634/2021	03-05-2021	Solicitud matrimonio civil o día 15 de maio de 2021 ás 13,30 horas
635/2021	03-05-2021	Solicitud matrimonio civil o día 22 de maio de 2021 ás 12 horas
636/2021	03-05-2021	Proposta de aprobación de cotas de amortización e xuros dos préstamos vixentes do Concello de Cambre do segundo trimestre de 2021.
637/2021	04-05-2021	Expediente de disciplina urbanística 07/62/99 por construción de chabolos sen licenza en finca sita en Concheiras, Anceis
638/2021	04-05-2021	Conceder a licenza municipal para construír un muro de contención de 25,44 metros lineais e 1,80 metros de altura, e sobre el un cerramento de 1,50 metros de alto formado por dúas fileiras de bloque de formigón e malla metálica de 1,00 metro de altura, no lindeiro norte da finca sita no lugar de Cereixeiro, Brexo. Solicitante: MPPT
639/2021	04-05-2021	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 2 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Anceis, Anceis. Solicitante: UFD, DE, S.A.
640/2021	04-05-2021	Conceder a licenza municipal solicitada para o modificado do proxecto de ampliación e desenvolvemento da rede de comunicacións electrónicas na rúa Graduill, parroquia de Cambre, mediante a instalación de tres arquetas e 1 poste de madeira, execución dunha canalización de 171 metros lineais e desmonte de 3 postes existentes, ao que se concedeu licenza na resolución núm. 766/2020. Solicitante: TdeE, S.A.
641/2021	04-05-2021	Aprobación de facturas, recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 65.771,40 euros
642/2021	04-05-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por non cumprir os requisitos establecidos no artigo 2 da ordenanza reguladora. Solicitante: MMLC
643/2021	04-05-2021	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita no Corgo, Brexo. Propiedade: G e JCCP
644/2021	04-05-2021	Reposición legalidade urbanística pola construción dunha piscina en Agra do Mero, Sigrás. Propiedade: EJ
645/2021	04-05-2021	Denegar a axuda alimentación básica e hixiene persoal por non resolver de forma significativa a necesidade formulada.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Solicitante: ESLC
646/2021	04-05-2021	Denegar a axuda aluguer por non resolver de forma significativa a necesidade formulada. Solicitante: ESLC
647/2021	04-05-2021	Reposición legalidade urbanística pola realización dunha soleira de formigón e un peche de bloques de formigón na finca sita en Folgueira, Santa Maria de Vigo. Propiedade: JVM
648/2021	04-05-2021	Queixa por construcións en solo non edificable polígono 87 parcela 97, Altamira de Arriba, Anceis. Propiedade: FGR
649/2021	05-05-2021	IRF Aprobación de altas no Proxecto PRISMA 2020
650/2021	05-05-2021	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 2 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á nave sita nas rúas Daimler, e Zeppelin, polígono industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre. Solicitante: UFD, DE, S.A.
651/2021	05-05-2021	Incorporación de remanentes 9/2021
652/2021	05-05-2021	Conceder a licenza para a instalación de terraza durante o ano 2021 fronte á xamonería situada na rúa Polígono, O Temple. Solicitante: AMF
653/2021	05-05-2021	Conceder a licenza para a instalar unha terraza durante o ano 2021 fronte a cafetería situada na rúa Teresa Herrera, O Temple. Solicitante: JGF
654/2021	05-05-2021	Conceder a licenza para instalar unha terraza durante todo o ano 2021 na parte traseira da pizzería situada na praza de Fernando Buesa, O Temple. Solicitante: L36, S.L.
655/2021	05-05-2021	Persoamento e solicitude á excma. Deputación provincial da Coruña para que a súa asesoría xurídica se faga cargo da defensa xudicial no recurso contencioso administrativo, procedemento abreviado núm. 108/2021-M . Expediente 2021/G003/000664
656/2021	06-05-2021	Arranxo cristais rotos no CEIP Emilio González López de Brexo-Lema
657/2021	06-05-2021	PLAN AFD 2021-2022. Accións formativas do Plan formativo para o Emprego, para traballadores desempregados da CA de Galicia
658/2021	06-05-2021	Conceder a licenza para instalar unha terraza durante o ano 2021 fronte ao local situado no Paseo Marítimo, parroquia do Temple. Solicitante: RPAL
659/2021	06-05-2021	Conceder a licenza para instalar unha terraza durante o ano 2021 fronte ao local situado na estrada Cambre-Temple, núm. 12, parroquia do Temple. Solicitante: SeH, S.L.
660/2021	06-05-2021	Conceder a licenza para instalar unha de terraza durante o ano 2021 fronte ao local situado na rúa Tapia, parroquia do Temple. Solicitante: CBF, S.L.
661/2021	06-05-2021	Conceder a licenza a para instalar unha terraza durante o ano 2021 na praza Fernando Buesa fronte á parte traseira do local situado na rúa Otero Pedraio, parroquia do Temple. Solicitante: VMEF



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

662/2021	06-05-2021	Corrección de erros de resolución num 651/2021, de data 05/05/2021 Expediente núm. 9/2021 de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2020 ao 2021
663/2021	06-05-2021	Conceder a licenza municipal solicitada para construír un muro de contención de pedra granítica, de 49,81 metros lineais, nos lindeiros oeste das fincas sitas no lugar de Meixigo, parroquia de Cambre, cunha altura de 1,90 metros na parcela núm. 54-A e de 2,40 metros na núm. 54-B. Solicitante: JASF
664/2021	06-05-2021	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 1 metro lineal para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión necesaria para levar a cabo o recuamento da CPM da vivenda unifamiliar sita no lugar de Mosteiro, parroquia de Bribes. Solicitante: UFD DE, S.A.
665/2021	06-05-2021	Conceder a licenza municipal solicitada para o modificado do proxecto de realización dun recheo en fincas degradadas por unha explotación mineira sita no lugar de Bribes Pequeno, parroquia de Bribes, ao que se concedeu licenza a través da resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras núm. 1384/2020, do 21 de setembro (expediente núm. 2020/U026/000084), reducíndose a superficie do recheo a realizar, quedando circunscrito a 9.992 m ² . Solicitante: VCM
666/2021	06-05-2021	Licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Brexo. Solicitante: JMP
667/2021	06-05-2021	CM_Actividades para celebrar o Día Mundial do Medio Ambiente
668/2021	06-05-2021	Conceder a licenza de instalación de terraza durante o ano 2021 fronte ao local situado no Paseo dos Templarios, parroquia do Temple. Solicitante: XMLO
669/2021	06-05-2021	Solicitud de subvención SNL Xunta de Galicia. Solicitante: XMLO
670/2021	06-05-2021	Conceder a licenza para a ocupación da vía pública fronte á parte traseira da cervexaría situada na rúa Temple, parroquia do Temple. Solicitante: AMH, S.C.
671/2021	06-05-2021	Autorización apertura urna central sinalada co número 50 letra B, co fin de inhumar o cadáver de dona MCB Expte. 2021/G003/000238
672/2021	06-05-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
673/2021	06-05-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
674/2021	06-05-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
675/2021	06-05-2021	Aprobación da primeira achega do Concello de Cambre ao abeiro do convenio de promoción do ciclismo durante o ano 2020
676/2021	06-05-2021	Convocatoria grupo de seguimento do Plan estratéxico de subvencións (PES)

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de devolución da garantía complementaria á empresa “*Publiprinters Global S.L.*” adxudataria da “*Subministración de materiais de imprenta para soporte de proxectos, programas e prestacións do departamento de servizos sociais do concello de Cambre*”. Expediente 2020/C005/000003
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C004/000009, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), correspondente ao deseño e impresión de dossier informativo do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB II 2020-2021, con opción de prórroga para dous exercicios máis(2021-2022 e 2022-2023)
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C005/000006, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo) correspondente á subministración de mobiliario (cadeiras e mesa) para as oficinas do Concello de Cambre

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de devolución da garantía complementaria á empresa “*Publiprinters Global S.L.*” adxudataria da “*Subministración de materiais de imprenta para soporte de proxectos, programas e prestacións do departamento de servizos sociais do concello de Cambre*”. Expediente 2020/C005/000003

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 7 de maio de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 11 de agosto de 2020, consta a aceptación do contratista a adxudicación do contrato entre o Concello de Cambre e a entidade “*Publiprinters Global S.L.*” para a “*Subministración de materiais de imprenta para soporte de proxectos, programas e prestacións do departamento de servizos sociais do concello de Cambre*”. Expediente 2020/C005/000003

Visto que no antedito expediente aportouse pola empresa copia do aval número 0049-0142-24-2110000919 do Banco Santander de data 27/07/2020, polo importe de 204,59 euros, en calidade de garantía complementaria por oferta anormalmente baixa.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo educador social do concello, con data do 30 de abril de 2021.

Visto o informe de fiscalización emitido pola Intervención Municipal con data do 03/05/2021.

A teor do establecido no arts. 107- 111 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía complementaria á empresa “Publprinters Global S.L.”, con CIF B2373**** e enderezo en Rúa Carpinteros, Parc.12, nave C, 23740, Andujar, Jaén, no expediente número 2020/C005/000003, para a “Subministración de materiais de imprenta para soporte de proxectos, programas e prestacións do departamento de servizos sociais do concello de Cambre”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C004/000009, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adjudicación de apreciación automática (factor prezo), correspondente ao deseño e impresión de dossier informativo do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB II 2020-2021, con opción de prórroga para dous exercicios máis(2021-2022 e 2022-2023)

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de maio de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 7 de abril de 2021, elaborouse pola axente de desenvolvemento local coa conformidade da responsable da Axencia de desenvolvemento local e do concelleiro-delegado da Área de Desenvolvemento socioeconómico, a memoria xustificativa da necesidade , idoneidade , insuficiencia de medios , motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento, e na mesma data a axente de desenvolvemento local coa conformidade da responsable da Axencia de desenvolvemento local asinan o prego de prescricións técnicas para a contratación da subministración do deseño e Impresión de dossier informativo do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB II 2020-21, con opción de prórroga para dous exercicios máis (2021-

22 e 2022-23), cun valor estimado de 7.260,00 euros e un orzamento base de licitación de 2.662,00 euros .

Nesa mesma data do 7/04/2021, asíñase pola axente de desenvolvemento local coa conformidade da responsable da Axencia de desenvolvemento local, o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, condicións especiais de execución do contrato, penalidades e sancións.

Consta documento de Retención de crédito asinado polo interventor da Corporación o 5 de abril de 2021, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 241 22699 (Outros gastos diversos formación de emprego).

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 03/05/2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da Secretaría xeral da Corporación de data 4 de maio de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar. Visto o informe da Intervención municipal de data 9 de maio de 2021.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento das competencias que ten atribuídas o concello en materia de fomento do emprego e formación para a inserción laboral contempladas no art. 86.1. f da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, co que se persegue contratar un servizo de deseño, maquetación e produción de 100 exemplares dun dossier informativo das accións levadas a cabo ao longo do desenvolvemento do obradoiro de emprego "PROXEDIS-PROWEB II" para o exercicio 2020/21, que sirva de ferramenta para favorecer a inserción laboral dos participantes, ao ser entregado nas empresas dos sectores de actividade nos que se formou o alumnado-traballador, e para difundir e visualizar as accións realizadas ao longo do desenvolvemento do proxecto por parte dos participantes, dos organismos responsables, e das persoas e centros colaboradores, enmarcado na execución do obradoiro de emprego "PROXEDIS-PROWEB II", aprobado por resolución do Xefe territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de data 5 de novembro de 2020, con base na Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para 2020.(DOG nº 14 de 22/01/2020).

Con esto queda acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C004/000009, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación

automática (factor prezo), e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Deseño e impresión de dossier informativo do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB II 2020-2021, con opción de prórroga para dous exercicios máis (2021-2022 e 2022-2023).
- Orzamento base de 2.662,00 €
- licitación:
- Valor estimado: 7.260,00 €
- Prazo de duración/execución: O prazo de duración do contrato correspóndese co curso 2020-2021, prorrogable aos cursos 21-22 e 22-23, e a execución vén establecida na cláusula 9 do PCAP e cláusula 3 do PPT

isto a teor do establecido nos artigos 131, 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 241 22699, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios, condicionadas á aprobación das subvencións solicitadas á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do contrato, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto da variación sobre o número de unidades realmente executadas

Quinto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C005/000006, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo) correspondente á subministración de mobiliario (cadeiras e mesa) para as oficinas do Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de maio de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 15 de abril de 2021, elaborouse pola xefa da Unidade de réxime interior, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento, e na mesma data a xefa da Unidade de réxime interior asina o prego de prescricións técnicas para a contratación da subministración de mobiliario (22 cadeiras e 1 mesa) para as oficinas do Concello de Cambre, cun valor estimado de 6.678,12 euros e un orzamento base de licitación de 6.071,02 € euros (sen IVE), 7.345,93 € (IVE incluído).

Nesa mesma data do 15/04/2021, asíase pola xefa da Unidade de réxime interior, coa conformidade da concelleira de Economía, Facenda e Recursos Humanos, o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, condicións especiais de execución do contrato, penalidades e sancións.

Consta documento de Retención de crédito asinado polo interventor da Corporación o 11 de abril de 2021, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920 62500 (mobiliario)

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 6 de maio de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da Secretaría xeral da Corporación de data 6 de maio de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar. Visto o informe da Intervención municipal de data 8 de maio de 2021.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, consistente na subministración de mobiliario (22 cadeiras e 1 mesa) para as oficinas do Concello de Cambre, destinado ao persoal de concello, isto co obxectivo de ofrecerlle ao persoal un nivel de benestar que indubidablemente inflúe na produtividade e redonda na prevención de posibles riscos laborais derivados do uso de mobiliario que non reúne as condicións idóneas, e en cumprimento das competencias municipais que en materia de equipamentos da súa titularidade outorga aos concellos o artigo 25.2.d) da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Con isto queda acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C005/000006, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Subministración de mobiliario (cadeiras e mesa) para as oficinas do Concello de Cambre
- Orzamento base de 7.345,93 €
- licitación:
- Valor estimado: 6.678,12 €
- Prazo de 1 mes a partir da confirmación do pedido
- duración/execución:

isto a teor do establecido nos artigos 131, 159 e concordantes da LCSP.



Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 920 62500.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do contrato, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto da variación sobre o número de unidades realmente executadas

Quinto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia